Sobre os problemas derivados do traslado a Cangas do servizo de urxencias sanitarias de Moaña e as medidas previstas para a súa restitución e a súa garantía no novo centro de saúde previsto neste concello

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37636 (12/POC-006067)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre os protocolos e procedementos empregados pola CSAG para a protección da propiedade intelectual na recepción dos proxectos que lle presentan produtores, xestores, etc.

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

- 37646 (12/POC-006069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 4 máis

Sobre as denuncias recibidas pola CSAG por vulneración dos dereitos de propiedade intelectual e as ferramentas coas que conta a Dirección Xeral, ou aquelas que prevé desenvolver, para garantilos

Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:23:39
Nº Rexistro: 37721
Data envío: 28/10/2025 13:23:39.310

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:14
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura polo tramite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter un posición canto antes en sede parlamentaria.

As bibliotecas escolares son instrumentos educativos que contribúen a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda a información e recursos para a aprendizaxe e o desenvolvemento integral do alumnado.

Para avanzar nesta materia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP conta cunha folla de ruta asentada desde hai anos en materia de bibliotecas escolares e cun abano de programas específicos ao abeiro do Plan Lía e do Plan de mellora de bibliotecas escolares que situaron a Galicia como a comunidade autónoma con máis bibliotecas escolares en funcionamento.

O Grupo Parlamentario Popular entende que biblioteca escolar xoga un papel importante no proceso pedagóxico e na adquisición de competencias lectora e que contribúe a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora o avance das bibliotecas escolares?

Santiago de Compostela, 28 de outubro 2025.

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:13
Por Carmen Pomar Tojo

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:13
Por Cecilia Vázquez Suárez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/10/2025 13:13:49

Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2025 13:13:59

Víctor Baladrón Lamas na data 28/10/2025 13:14:19

José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2025 13:14:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2025 13:14:42

Patricia García González na data 28/10/2025 13:14:57

Raúl Santamaría González na data 28/10/2025 13:15:16

Julio García Comesaña na data 28/10/2025 13:15:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/10/2025 13:15:38



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:23:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:23:39
Nº Rexistro: 37721
Data envío: 28/10/2025 13:23:39.310

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura polo tramite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de ter un posición canto antes en sede parlamentaria.

No marco da Estratexia de Educación dixital a Xunta de Galicia continúa avanzando nunha transformación dixital do sistema educativo galego con sentidiño e responsabilidade, apostando por un modelo híbrido que combina o mellor das aprendizaxes tradicionais coas oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Neste contexto, o Goberno galego está a desenvolver diversas actuacións, entre elas destaca a preparación da nova Lei de Educación Dixital de Galicia, que regulará, por primeira vez, os dereitos e deberes da comunidade educativa no ámbito dixital, asegurando un uso responsable e seguro das tecnoloxías nas aulas. Como complemento a este marco normativo, a Xunta tamén impulsa o Plan de Benestar Dixital, destinado a promover hábitos saudables no uso das tecnoloxías.

De xeito paralelo a Xunta de Galicia avanza no desenvolvemento do programa EdugallA, unha iniciativa de referencia a nivel estatal no ámbito da aplicación da intelixencia artificial á educación para desenvolver ferramentas innovadoras.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia os avances na Estratexia de Educación Dixital?

Santiago de Compostela, 28 de outubro 2025.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:24:12
Nº Rexistro: 37723
Data envío: 28/10/2025 13:24:12.888

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 28/10/2025 13:17:52

Carmen Pomar Tojo na data 28/10/2025 13:18:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2025 13:18:13

José Luis Ferro Iglesias na data 28/10/2025 13:18:21

Víctor Baladrón Lamas na data 28/10/2025 13:18:30

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/10/2025 13:18:38,28/10/2025 13:23:21

Julio García Comesaña na data 28/10/2025 13:18:46

Patricia García González na data 28/10/2025 13:18:57

Raúl Santamaría González na data 28/10/2025 13:19:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:24:12
Nº Rexistro: 37723
Data envío: 28/10/2025 13:24:12.888

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:24:13

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:42
Nº Rexistro: 37725
Data envío: 28/10/2025 13:28:42.866

Asinado o día 28/10/2025
13:27
Por Miguel Fidalgo Igi

Á Mesa do Parlamento

Rubén Lorenzo Gómez, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Felisa Rodríguez Carrera, Angel Rodríguez Conde, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz, Miguel A. Viso Diéguez e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia e ameazando con interpoñer un recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

O Executivo central non quixo chegar a un acordo na Comisión Bilateral de Cooperación entre o Estado e a Xunta, reunida o pasado mes de maio, e agora pretende bloquear os avances lexislativos incluídos nesa norma, en concreto, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles con medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, no ámbito eólico, a impugnación estatal busca, entre outros, frear a normativa que regulaba o sistema de repotenciación dos parques eólicos, unha iniciativa que pretende reducir o impacto ambiental e aumentar os beneficios económicos e sociais na contorna destas instalacións de enerxía.

Asinado o día 28/10/2025 ás 13:26
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Asinado o día 28/10/2025 ás
13:26
Por Rubén Lorenzo Gómez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do anuncio efectuado polo Goberno de España de presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a normativa autonómica que regula a repotenciación dos parques eólicos?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Rubén Lorenzo Gómez na data 28/10/2025 13:26:45
María Encarnación Amigo Díaz na data 28/10/2025 13:26:57
Miguel Fidalgo Iglesias na data 28/10/2025 13:27:08
María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/10/2025 13:27:20
Ángel Rodríguez Conde na data 28/10/2025 13:27:33
Cristina Sanz Arias na data 28/10/2025 13:27:46
Borja Vereza Fraiz na data 28/10/2025 13:27:57
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 28/10/2025 13:28:11
Moisés Rodríguez Pérez na data 28/10/2025 13:28:29



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2025 13:28:42
Nº Rexistro: 37725
Data envío: 28/10/2025 13:28:42.866

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/10/2025 13:28:43

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:38:47
Nº Rexistro: 37956
Data envío: 30/10/2025 17:38:47,004

Asinado o día 30/10/2025
17:37
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Moisés Rodríguez Pérez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada polo grave impacto que está a provocar arrastre de cinzas procedentes de terreos queimados nos ríos e na captación de auga de determinados municipios galegos, en especial da comarca de Valdeorras.

As consecuencias da extraordinaria vaga de lumes que este verán sufriu Galicia e, de xeito especial á provincia de Ourense, non remata coa extinción das lapas. O impacto máis silencioso e prolongado maniféstase coa chegada das choivas do outono e o risco de arrastre de cinzas e madeira queimada aos nosos ríos e regatos. Estas escorrentías deterioran a calidade da auga, xeran mortalidade da fauna acuática, alteran os ecosistemas ribeiráns, dificultan o abastecemento humano e agrícola, e provocan obstrucións que poden derivar en enchentes localizadas.

Como é lóxico esta situación esixe unha resposta inmediata, coordinada e ambiciosa de todas as administracións, cada quen no seu ámbito de competencia. Sen medidas de contención urxentes -como a instalación de barreiras anticontaminación, a limpeza preventiva de marxes e canles, e a restauración vexetal das beiras-, as consecuencias prolongaranse, multiplicando os danos dos incendios iniciais.

Galicia divídese en catro demarcacións hidrográficas: Galicia-Costa, Cantábrico Occidental, Miño-Sil e Douro. Esta distribución explica por que a xestión das

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:37
Por Moisés Rodríguez Pérez

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:36
Por Gonzalo Trenor López

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





contornas fluviais corresponde a administracións diferentes na nosa comunidade, unha circunstancia que afecta e determina a xestión sobre os recursos hídricos.

No caso da Xunta de Galicia, as competencias en materia de mantemento en conservación fluvial enmárcanse ao ámbito da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, que se estende ao longo de 12.990 km², repartidos entre 182 concellos, con 14.700 km de rede fluvial.

Na conca da súa competencia, a Xunta de Galicia leva semanas despregando diferentes medidas co obxecto de controlar as augas de consumo humano e minimizar o impacto destes arrastres nos ríos. Así, con carácter extraordinario, o operativo habitual dedicado ao mantemento e conservación das contornas fluviais de Galicia-Costa ten orde de darlle prioridade á protección das canles máis próximas a terreos queimados.

Medidas similares deberan desenvolverse por parte das confederacións Hidrográficas do Miño-Sil e do Douro, que dependen do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sobre as súas demarcacións, pero a realidade amosa que non están a desenvolverse co mesmo ritmo, nin urxencia. De feito, son recorrentes as queixas da veciñanza dalgúns concellos, como por exemplo os da comarca de Valdeorras, que non poden entender que a protección da auga, un recurso vital e estratéxico, quede en mans de quen como o Goberno de España só actúa tarde e sen a axilidade requirida.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora o Goberno galego o desenvolvemento das medidas de protección fluvial có obxecto de diminuír o risco de que cinzas procedentes de terreos queimados cheguen aos nosos ríos?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 30/10/2025 17:36:51
Moisés Rodríguez Pérez na data 30/10/2025 17:37:05
Carmen Pomar Tojo na data 30/10/2025 17:37:19
José Luis Ferro Iglesias na data 30/10/2025 17:37:35
Cristina Campero Dorado na data 30/10/2025 17:37:47
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/10/2025 17:37:59
Rubén Lorenzo Gómez na data 30/10/2025 17:38:10
Roberto Rodríguez Martínez na data 30/10/2025 17:38:23
Katherinie Varela Fernández na data 30/10/2025 17:38:32



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:38:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:38:47
Nº Rexistro: 37956
Data envío: 30/10/2025 17:38:47,004

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luis Bará Torres, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª polo trámite de urxencia**, sobre o catastrófico incendio de Larouco-Valdeorras e as graves consecuencias económicas, ambientais, nos acuíferos e no subministro domiciliario de auga.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na alarma social xerada pola situación dos cursos de auga e dos acuíferos como consecuencia do lume de Larouco-Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe orixináronse nos poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais, e nin sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola negligencia da Xunta.

No mes de agosto de 2025, en Seadur no concello de Larouco, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou preto de 40.000 hectáreas. Este incendio, o mais grande da historia de Galiza arrasou terras de Larouco, O Bolo, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda, O Barco, Rubiá, A Veiga, Quiroga e terras limítrofes da Castela León.

Ás consecuencias económicas directas dos lumes únense agora os danos causados indirectamente polas choivas nas zonas arrasadas nos montes desta comarca, en tanto que a erosión e a perda de solo son moi importantes, véndose favorecidas pola orografía do territorio que se queimou.

Ademais, entre as consecuencias deste desastre temos agora outras no relativo as augas provocado polos arrastres nas zonas queimadas. Uns arrastres que chegan aos cursos de auga provocando unha contaminación que afecta a auga de consumo humano, tal e como foi manifestado polos alcaldes da zona afectada nos días pasados.

A administración da Xunta de Rueda bota balóns fóra querendo traspasar a súa responsabilidade como administración competente no relativo aos montes agricultura e gandería. Con esta actitude a Xunta pretende trasladar a súa responsabilidade aos concellos da comarca e a administración do Estado.

Ao BNG a actitude dos dirixentes da Xunta de Galiza parécelle unha negligencia de libro e un abandono das súas competencias. Unha actitude que trae consecuencias moi graves para o medio ambiente, que traen consigo unha situación moi perigosa para as persoas residentes nesta comarca que ven comprometido o subministro de auga domiciliaria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

polo trámite de urxencia:

- Cal foi a causa, cando comezou e cando rematou o incendio de grandes proporcións de Larouco segundo a Xunta de Galiza?
- Fixo a Xunta de Galiza unha valoración dos danos producidos por este grave incendio?
- Cantas indemnizacións e axudas calcula que vai pagar a Xunta de Galiza e cantas pagou as veciñas e veciños afectados por este grave incendio?
- Vai dar algún tipo de axuda ou colaboración aos concellos afectados?
- Ten constancia a Xunta de Galiza dos graves problemas que están a xerar os arrastres dende as zonas queimadas cara os cursos de auga?
- Ten constancia a Xunta de Galiza que estes arrastres están a producir graves problemas no subministro de auga potábel en determinados concellos de Valdeorras?
- Que medidas adoptou a Xunta de Galiza, dentro das súas competencias, para previr os arrastres dende as zonas queimadas?
- Que medidas adoptou para restauración hidrolóxico forestal das zonas queimadas?
- Ten a Xunta de Galiza algún plan de loita contra a erosión e contra a contaminación dos cursos de auga das zonas queimadas no grave incendio de Valdeorras?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 31/10/2025 12:28:47

Luis Bará Torres na data 31/10/2025 12:28:54

Sonia Vidal Lamas na data 31/10/2025 12:29:01

Ariadna Fernández González na data 31/10/2025 12:29:09

Montserrat Valcárcel Armesto na data 31/10/2025 12:29:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2025 12:30:24
Nº Rexistro: 37984
Data envío: 31/10/2025 12:30:24.210

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/10/2025 12:30:24

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37570
Data envío: 23/10/2025 18:44:37,556

Asinado o día 23/10/2025 ás 18:43
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

No mes de febreiro de 2025 entrou en vigor a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración ecolóxicas aprobada pola Xunta como unha medida para o cumprimento do Pacto Verde Europeo consistente na creación dunha rede territorial continua de espazos e elementos, que melloren a resiliencia ante o cambio climático, contribúan á conservación da biodiversidade e beneficien ás poboacións das contornas.

Asinado o día 23/10/2025 ás 18:43
Por Aitor Bouza Manso

Dende o Grupo Socialista cremos que é esencial desenvolver este proxecto non só polos beneficios ecolóxicos que pode ter senón tamén turísticos e de conectividade.

Por iso, cremos que acompañando a esta estratexia ten que existir un plan que estableza as accións concretas a desenvolver no noso territorio, que estas estean debidamente orzamentadas e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento.

Por outra banda, e dentro deste plan de infraestruturas verdes, sinalar que os socialistas levamos anos traballando na posibilidade de creación dunha Gran Vía Verde Atlántica que percorra dende A Coruña ata Portugal e conecte coa existente no país veciño, aproveitando os tramos de sendas verdes xa existentes (Cerceda-Oroso; Vilagarcía Portas; Redondela-Vigo), antigas vías de tren abandonadas (Pontevedra-Arcade) ou camiños preexistentes.

Asinado o día 23/10/2025 ás 18:43
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

132574

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37570
Data envío: 23/10/2025 18:44:37,556

Unha gran vía verde peonil e ciclable que poida tamén incorporar a Galicia á rede europea de rutas ciclistas EUROVELO, e conecte coa rede existente en Portugal que chega ata Vilanova da Cerveira.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto este goberno aprobar un plan de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, para desenvolver a Estratexia do mesmo nome, que conte con accións concretas a desenvolver, que estea debidamente orzamentado e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento?
2. Comparte este goberno que a creación dunha gran vía verde atlántica, peonil e ciclista, pode ter grandes beneficios ecolóxicos, turísticos e de conectividade?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132575

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/10/2025 18:43:29

Aitor Bouza Manso na data 23/10/2025 18:43:43

Carlos López Font na data 23/10/2025 18:43:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37570
Data envío: 23/10/2025 18:44:37,556

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37570
Data envío: 23/10/2025 18:44:37,556

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 18:44:40

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O mes de decembro 2024 nun partido do Grupo C da categoría cadete feminina galega que enfrontou ao Sanxenxo Balonmán e ao Rasoeiro BM, tras recibir o árbitro insultos reiterados durante todo o partido ao finalizar o encontro un familiar do colexiado foi vítima dunha agresión resultando gravemente ferido.

A principios do mes de febreiro de 2025 un árbitro nun partido de fútbol infantil denunciou que tivo que se poñer a salvo ao finalizar o encontro porque un grupo de pais cuspiéronlle, insultáronlle e desexáronlle a morte, chegando incluso a golpear o seu vehículo

Hai uns días unha nai denunciaba publicamente como a súa filla de 13 anos, que arbitraba un partido de prebenxamíns (nenos de seis e sete anos), na Coruña, tivo que soportar gritos dende o banco e desde a grada por parte dos pais e do delegado dun dos clubs, sentíndose acosada e con moito medo.

Por desgraza estes 3 sucesos non son feitos illados senón que veñen a visualizar os crecentes episodios de violencia que acontecen cada fin de semana con ocasión da práctica de competicións deportivas oficiais. Sendo moi preocupante que onde sexan máis frecuentes sexa con ocasión de competicións nas que participan menores de idade.

Os socialistas e as socialistas manifestamos a nosa sensibilidade e a nosa preocupación por estes feitos, que transforman algo que debería ser un hábito

Asinado o día 23/10/2025 ás
18:47
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 23/10/2025 ás
18:46
Por Paloma Castro Rey





saudable, de aprendizaxe e superación persoal e colectiva nunha situación indesexable que transmite a eses nenos e nenas uns valores totalmente negativos.

O Goberno galego segundo o art 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Consonte ao anterior a Xunta aproba a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que ten por obxecto establecer un marco xeral de desenvolvemento e organización do conxunto das actividades físicas e deportivas e a forma na que estas se deben realizar, así como a organización administrativa que debe dar o servizo e debe impulsar a competencia autonómica na materia.

Esta lei no seu TÍTULO IX regula a actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva. E no artigo 148, regula a Comisión Galega de Control da Violencia, configurándoa como un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no eido da prevención e represión da violencia, de análises das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia.

Órgano que foi desenvolvido polo Decreto 63/2018, do 31 de maio, que regula a súa composición, funcionamento e procedemento sancionador.

Nós cremos, polo tanto, que o Goberno galego ten todos os instrumentos para poder actuar e priorizar dentro da súa política en materia deportiva a loita contra a violencia no deporte.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37572
Data envío: 23/10/2025 18:48:10.678

1. Que medidas vai implementar o Goberno galego para previr e sancionar a violencia e as condutas contrarias á boa orde deportiva?
2. Que consideración merecen para o Goberno galego as reiteradas denuncias públicas de actos violentos en competicións deportivas?
3. Que medidas ten implementado ata o de agora para enfrontar estas situacións de violencia no eido deportivo?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132580

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/10/2025 18:46:57

Patricia Iglesias Rey na data 23/10/2025 18:47:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37572
Data envío: 23/10/2025 18:48:10.678

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/10/2025 18:48:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 37572
Data envío: 23/10/2025 18:48:10.678

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:42
Nº Rexistro: 37576
Data envío: 24/10/2025 10:54:42.723

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a falta de transparencia da Xunta de Galiza respecto dos problemas de Cometa e dos erros de funcionamento das pulseiras telemáticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para o Bloque Nacionalista Galego a violencia machista é un problema de máxima importancia política. É por iso que ante o coñecemento de distintos fallos no sistema COMETA ou en VIOGEN ten impulsado iniciativas de distinta índole nas diferentes institucións.

Máis recentemente, ao coñecer a finais de 2024 distintos problemas nas pulseiras de control telemático impulsou iniciativas ao respecto no ámbito do Estado, por ser as institucións responsábeis institucións estatais. Coñecido no mes de setembro de 2025 informacións a través da Memoria da Fiscalía de 2024 que confirmaban consecuencias graves e negativas toda vez que se perderon elementos probatorios determinantes para os procesos xudiciais, o BNG intensificou a súa obriga de control institucional e rexistrou iniciativas no ámbito do Estado. Así mesmo, rexistrou iniciativas para fiscalizar de que maneira e en que momentos a Xunta tivo coñecemento destas problemáticas, toda vez que se coñece que distintas fontes xudiciais puxeran en coñecemento das institucións esta cuestión.

Porén, como vén sendo habitual, o goberno galego remitiu unha “non resposta” na que responde unha soa das preguntas formuladas e se parapeta no pronunciamento, serodio, do Observatorio Galego, que nin sequera se reunira para tal efecto até que este

Asinado o día 24/10/2025 ás
10:53
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 24/10/2025 ás
10:53
Por Noa Presas Bergantiños



Grupo Parlamentario preguntou por escrito se había algunha valoración e alguén no goberno galego debeu reparar en que tiña un organismo que podía convocar e consultar.

Compartimos a preocupación e medidas que pide o Observatorio, e que a Xunta de Galiza nin sequera é quen de transcribir adecuadamente con erros no vocabulario, mais insto non aclara as cuestións que solicita este grupo.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Comunicou a Xunta de Galiza ao goberno do Estado problemas de funcionamento no novo servizo de pulseiras de control telemático para a protección de vítimas de violencia machista?

En que data e por que medios?

Que problemas sinalou?

Que actuacións elaborou ou vai elaborar a Xunta para abordar ou estudar a falta de cobertura desde os instrumentos de autogoberno que ten en materia de telecomunicacións e tecnoloxía? Cónstalle que permanezan estes problemas? Ten diagnosticado en que zonas?

Vai aumentar o goberno galego o persoal do IMELGA para que poida haber valoracións forenses e psicosociais complementarias a VIOGEN e mellorar a posta en marcha de medidas de protección?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2025 10:53:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/10/2025 10:53:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:42
Nº Rexistro: 37576
Data envío: 24/10/2025 10:54:42.723

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 10:54:42
Nº Rexistro: 37576
Data envío: 24/10/2025 10:54:42.723

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 10:54:43

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA****PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:26:11
Nº Rexistro: 37579
Data envío: 24/10/2025 11:26:11.828Asinado o día 24/10/2025
11:24
Por Cristina Campero

Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O acceso á vivenda constitúe un dos principais desafíos sociais que afronta Galicia na actualidade. A dificultade para mercar ou alugar unha vivenda digna, especialmente para a mocidade e para as familias con menos recursos, é unha realidade que condiciona o seu proxecto de vida estable.

Conscientes desta realidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia integral de política de vivenda que ten como obxectivo principal garantir o dereito a unha vivenda digna e adecuada para todos os galegos e galegas, atendendo ás particularidades de cada territorio. Un dos piares fundamentais desta estratexia é a liña de axudas para a adquisición de vivenda en concellos de ata 10.000 habitantes, especialmente dirixida a persoas menores de 36 anos. A contía máxima desta achega pode alcanzar ata 10.800 euros por vivenda, o que supón un apoio económico directo importante para facilitar a adquisición da primeira vivenda por parte da mocidade. Ademais, estas axudas non só permiten ás persoas mozas acceder á propiedade, senón que tamén contribúen á revitalización dos municipios rurais, á dinamización económica local e á consolidación de comunidades sostibiles no territorio galego.

En definitiva, a Xunta de Galicia está a dar unha resposta clara e eficaz ao problema do acceso á vivenda, cunha visión centrada nas persoas. Esta medida é unha mostra máis do compromiso do Goberno galego cunha Galicia máis habitable, con máis oportunidades e con futuro para todos e todas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Asinado o día 24/10/2025 ás
11:24
Por Roberto Rodríguez MartínezAsinado o día 24/10/2025 ás
11:24
Por Nicole Grueira Fernández



- 1.- De que xeito está a axudar o Goberno galego ás persoas mozas na adquisición dunha vivenda?
- 2.- Cal é a previsión orzamentaria da Xunta de Galicia para o ano 2026 no ámbito das políticas de vivenda, e en concreto, respecto da liña de axudas para a adquisición de vivenda?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 24/10/2025 11:24:12
Roberto Rodríguez Martínez na data 24/10/2025 11:24:22
Cristina Campero Dorado na data 24/10/2025 11:24:33
José Luis Ferro Iglesias na data 24/10/2025 11:24:46
Rubén Lorenzo Gómez na data 24/10/2025 11:24:58
Argimiro Marnotes Fernández na data 24/10/2025 11:25:12
Carmen Pomar Tojo na data 24/10/2025 11:25:24
Gonzalo Trenor López na data 24/10/2025 11:25:33
Katherinie Varela Fernández na data 24/10/2025 11:25:54



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 11:26:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:26:11
Nº Rexistro: 37579
Data envío: 24/10/2025 11:26:11.828

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:29:41
Nº Rexistro: 37581
Data envío: 24/10/2025 11:29:41.203

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

O Xulgado de Penal núm. 2 do partido xudicial de Santiago de Compostela presenta un nivel de asuntos pendentes que supera notablemente o máximo establecido e, polo tanto, está preto de chegar a unha situación de colapso.

Foron varios os motivos que desencadearon esta situación:

1º.O xuízo do descarrilamento do tren Alvia, que requiriu de forma exclusiva a plena dedicación da xuíza titular. Para substituíla foron designados de forma separada e sucesiva por dúas xuízas de apoio territorial e tres xuíces substitutos, sen que ningún deles permanecese o suficiente tempo no órgano xudicial para dar continuidade ao seu traballo.

2º. A ocupación tamén neste asunto da letrada da Administración de Xustiza que foi substituída e, neste caso, sumouse tamén unha baixa por enfermidade.

3º. A folga de letrados e letradas da Administración de Xustiza e a de avogados e avogadas da quenda de oficio que provocaron innumerables suspensións de xuízos, incrementando de forma considerable o atraso.

Todo isto está a provocar unha situación de atasco e como consecuencia que se estean a sinalar xuízos para o mes de xullo de 2026, e moitos son xuízos de conformidade polo que á vista principal no caso de non acadala podería

Asinado o día 24/10/2025 ás
11:28
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 24/10/2025 ás
11:28
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

132591

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-UDZl6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:29:41
Nº Rexistro: 37581
Data envío: 24/10/2025 11:29:41.203

celebrarse en 2027 o que é totalmente contrario ao principio de tutela xudicial efectiva.

Para reverter esta situación o Goberno galego ten que reforzar o cadro de persoal dese xulgado como mínimo con dous tramitadores para poder axilizar o traballo e que poida diminuír o número de procesos pendentes.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.Como vai solucionar o Goberno galego o colapso existente no Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago de Compostela?

2.Vai reforzar con dous tramitadores máis o Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132592

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 11:28:45,24/10/2025 11:28:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:29:41
Nº Rexistro: 37581
Data envío: 24/10/2025 11:29:41.203

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:29:41
Nº Rexistro: 37581
Data envío: 24/10/2025 11:29:41.203

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 11:29:41

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:33:06
Nº Rexistro: 37583
Data envío: 24/10/2025 11:33:06.323

Asinado o día 24/10/25
11:30
Por Julio García Com

Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Carmen Pomar Tojo, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Roberto Rodríguez Martínez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A través da política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon a disposición dos pobos empobrecidos a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos, sumándose aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas e promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable.

O pasado venres 17 de Outubro, celebrouse na cidade de Santiago, unha xornada sobre cooperación galega organizada pola Xunta en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, onde se puxo de manifesto o papel referente de Galicia a nivel europeo en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Nesta Xornada, na que participaron O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e o Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes; O Conselleiro salientou o desenvolvemento dun marco normativo estratéxico e operativo, configurado e actualizado en diálogo aberto e constante cos axentes galegos de cooperación, como base fundamental para a modernización do sistema galego de cooperación, caracterizado polo consenso político e social ao longo dos seus máis de trinta anos de existencia.

Dada a inversión orzamentaria coa que conta a Cooperación Galega cada ano e os máis de trinta anos de existencia de cooperación galega, presentamos a seguinte pregunta para resposta oral:

Qué balance fai do Sistema de Cooperación Galego nestes últimos 30 anos?

Santiago de Compostela, 23 de outubro 2025.

Asinado o día 24/10/2025 ás
11:30
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 24/10/2025 ás
11:30
Por Katherinie Varela Fernández

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Katherinie Varela Fernández na data 24/10/2025 11:30:17

Roberto Rodríguez Martínez na data 24/10/2025 11:30:42

Julio García Comesaña na data 24/10/2025 11:30:54

Paula Mouzo Mas na data 24/10/2025 11:31:13

Alberto Pazos Couñago na data 24/10/2025 11:31:24

Paula Prado del Rio na data 24/10/2025 11:31:37

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/10/2025 11:31:51

Carmen Pomar Tojo na data 24/10/2025 11:32:00

María Felisa Rodríguez Carrera na data 24/10/2025 11:32:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 11:33:06
Nº Rexistro: 37583
Data envío: 24/10/2025 11:33:06.323

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 11:33:07

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Carlos López Font e Aitor Bouza Manso, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A remodelación do nó de bombeiros en Pontevedra é unha clara mostra de como o Goberno de Pedro Sánchez aposta por desbloquear infraestruturas significativas para a vertebración de Pontevedra e de Galicia.

Esta obra supón saldar unha débeda histórica, xa que se trata dun proxecto pendente dende 2015 que mellorará a mobilidade de Pontevedra e da súa contorna.

Levarase a cabo unha remodelación completa do nó de Bombeiros que implicará o derribo dalgunhas infraestruturas actuais e a construción de novos accesos directos á autoestrada AP-9, a estrada de Vilagarcía e o centro da cidade.

Pero unha vez solucionado o problema deste tramo, quedan outros viarios contiguos pendentes, que levan moitos anos sufrindo un elevado colapso de circulación e cuxa competencia corresponde á Administración autonómica.

Refírome ao viario do Vao que conectaría a estrada autonómica PO-310 de acceso a Campañó (na Caeira) e a estrada autonómica PO-531 (Pontevedra-Vilagarcía).

E tamén a denominada variante de Alba que é un proxecto que a Xunta ten pendente dende hai 20 anos e que tras a cesión do Ministerio de Transportes dos 3,22 km da estrada de Santiago, desde a glorieta de Pasarón ata o lugar





de Touceda, na parroquia de Alba e o consenso no proxecto presentado polo concello no ano 2021, non hai escusa para que non se inicie esta obra.

Por outra banda, a Xunta ten que cumprir o compromiso adquirido de mellora da seguridade viaria peonil e ciclista entre Pontevedra e Poio, que implicaría:

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aprobación de plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sitúase á cola do Estado e de Europa en porcentaxe do territorio amparado e protexido pola Rede Natura 2000. Malia as esixencias da Comisión Europea, os acordos parlamentares e os anuncios da propia Xunta, a realidade é que o goberno galego vetou de facto a ampliación desta Rede de protección ambiental e da biodiversidade pola presión de determinados lobis da industria extractivista.

Por outra parte existe un requirimento por parte da Comisión Europea a respecto da insuficiencia do Plan Director da Rede Natura 2000 como instrumento de xestión dos espazos incluídos na Rede. En sucesivas comunicacións ao Estado español, a Comisión Europea reclamou a necesidade de elaboración e aprobación dun instrumento específico de xestión para cada unha das ZEC e ZEPA incluídas na Rede Natura. Mesmo existe a posibilidade de expedientes de sanción no caso de incumprimento desta obriga.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
16:50
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Recibiu a Xunta comunicacións da Comisión Europea ou do goberno central sobre a necesidade de aprobar plans de xestión de cada un dos espazos da Rede Natura 2000 e sobre posíbeis sancións polo incumprimento desta obriga?

Que previsións ten a Xunta en relación coa aprobación dos plans de xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000?

Ten previsto o goberno galego incrementar o orzamento destinado á xestión de cada un dos espazos incluídos na Rede Natura 2000?

Ten previsto a Xunta ampliar a Rede Natura 2000, en que prazo e con que tipoloxía de hábitats que a Unión Europea considera que están insuficientemente representados?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 16:50:33

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 16:50:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:52:19
Nº Rexistro: 37944
Data envío: 30/10/2025 16:52:19.298

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:52:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:52:19
Nº Rexistro: 37944
Data envío: 30/10/2025 16:52:19.298

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:44:25
Nº Rexistro: 37938
Data envío: 30/10/2025 16:44:25.133

Asinado o día 30/10/2025 ás 16:43
Por Ethel Vázquez M

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A violencia de xénero é un tema grave e complexo que atenta contra os dereitos fundamentais das mulleres polo mero feito de seren, sen distinción de etnia, idade, clase social ou calquera condición persoal ou social.

Trátase dun problema social e global de grande magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres.

A súa visibilidade aumentou nos últimos anos grazas á maior concienciación das vítimas e as súas familias, así como á sensibilización crecente das institucións públicas, dos medios de comunicación, das forzas e corpos de seguridade e da sociedade no seu conxunto.

Trátase dun tipo de violencia estrutural e ideolóxica, baseada nun sistema de relacións de xénero e que funciona como un instrumento de dominación e control social dos homes cara as mulleres, asignando diferentes atributos, roles e espazos en función do sexo e xerando, polo tanto, desigualdades.

A violencia polo tanto constitúe, por si mesma, un elemento de exclusión, en tanto en canto limita a capacidade da muller de satisfacer as súas necesidades persoais. Pero os seus efectos son aínda máis perniciosos cando se trata de colectivos xa de por si vulnerables, como as nenas e mulleres con discapacidade.

De feito, segundo un estudio realizado por Inserta Empleo-Fundación Once, o 40% das mulleres con discapacidade sufriron violencia de xénero ao longo da súa vida.

Asinado o día 30/10/2025 ás 16:42
Por Noelia Pérez López

Asinado o día 30/10/2025 ás 16:42
Por Raquel Arias Rodríguez

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Todos estes feitos que acabamos de describir son coñecidos como a dobre discriminación, a suma da violencia de xénero que lamentablemente xa sofren as mulleres polo mero feito de selas coa situación de discapacidade que moitas delas presentan.

A Convención sobre os Dereitos Humanos das Persoas con Discapacidade da Organización de Nacións Unidas, (ONU), inclúe tres artigos cuxa principal función é chamar a atención sobre grupos ou situacións de especial vulnerabilidade, nas cales se require medidas de protección específicas, debido a que se atopan nunha situación de desvantaxe maior, e como consecuencia diso ven afectados por unha dobre ou múltiple discriminación.

En concreto, o artigo 6 establece a sinalización específica que subliña as múltiples formas de discriminación que enfrontan as mulleres e as nenas con discapacidade, o que as coloca nunha situación aínda máis desvantaxosa que a dos homes ou nenos con discapacidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten en marcha a Xunta de Galicia para o caso de mulleres con discapacidade?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 30/10/2025 16:42:46

Noelia Pérez López na data 30/10/2025 16:42:57

Ethel Vázquez Mourelle na data 30/10/2025 16:43:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/10/2025 16:43:17

Víctor Baladrón Lamas na data 30/10/2025 16:43:29

Nicole Grueira Fernández na data 30/10/2025 16:43:40

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/10/2025 16:43:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 30/10/2025 16:44:01

Maria Magdalena Perez Millares na data 30/10/2025 16:44:10



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 16:44:25
Nº Rexistro: 37938
Data envío: 30/10/2025 16:44:25.133

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 16:44:26

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O pasado día 26 de outubro, a ministra de Xuventude e Infancia, Sira Rego, anunciou que nas próximas semanas o goberno do señor Sánchez esperaba aprobar o real decreto para ordenar o sistema de acollemento residencial. A normativa estatal prevé establecer unha serie de criterios mínimos a cumprir por todas as comunidades autónomas. En concreto, o que pretende é limitar a 10 ou 15 os menores que poderán albergar estes centros.

Este Grupo Parlamentario descoñece o impacto deses novos criterios no sistema de protección da infancia e da adolescencia de Galicia, que se ten caracterizado por ser un modelo integrador no que todos os nenos, nenas e adolescentes son tratados de igual xeito e favorecendo a súa inclusión e o seu tránsito á vida adulta.

A ministra tamén fixo alusión ao traslado de menores migrantes non acompañados a Galicia, acusando á Xunta de Galicia de bloquear dito traslado



pese a que o Goberno de Sánchez aínda non achegou nin un euro de financiamento ao Goberno galego para esta cuestión.

Do que non fala a ministra é do recorte que fai o seu Goberno nun 75% no financiamento da acollida de menores migrantes, ou cando puxeron en marcha un centro específico para migrantes con 300 prazas no concello de Mondariz Balneario, por poñer dous exemplos.

E tampouco fala dos incumprimentos reiterados do Executivo aos requirimentos que lle fai o Tribunal Supremo obrigándolle a acoller a 1.000 menores solicitantes de protección internacional. De todo isto a ministra parece querer non acordarse.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego das declaracións da ministra Sira Rego en relación coa colaboración da Xunta de Galicia no sistema de reparto de menores?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 30/10/2025 17:07:17
Noelia Pérez López na data 30/10/2025 17:07:29
María Encarnación Amigo Díaz na data 30/10/2025 17:07:41
Víctor Baladrón Lamas na data 30/10/2025 17:07:54
Nicole Grueira Fernández na data 30/10/2025 17:08:07
Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/10/2025 17:08:19
Argimiro Marnotes Fernández na data 30/10/2025 17:08:33
Ethel Vázquez Mourelle na data 30/10/2025 17:08:42
Maria Magdalena Perez Millares na data 30/10/2025 17:08:51



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:09:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:09:08
Nº Rexistro: 37948
Data envío: 30/10/2025 17:09:08,781

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:21
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as denominadas “zonas ben conservadas en estudo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo.”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos, mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:21
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:21
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que rango legal teñen as zonas de exclusión denominadas “zonas ben conservadas en estudo”?

Por que a Xunta non lle outorga un estatus de protección dos previstos na lei do patrimonio natural e a biodiversidade a estas zonas?

Que criterios segue o goberno galego para denegar autorizacións ambientais a proxectos que afectan a estas zonas de interese para a biodiversidade?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:21:27

Alexandra Fernández Gómez na data 30/10/2025 17:21:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:21:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:27:02
Nº Rexistro: 37953
Data envío: 30/10/2025 17:27:02.523

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:27:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:27:02
Nº Rexistro: 37953
Data envío: 30/10/2025 17:27:02.523

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:38
Nº Rexistro: 37959
Data envío: 30/10/2025 17:39:38,973

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aprobación do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no mes de febreiro de 2025 a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas (ORDE do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas).

A Estratexia Galega de Infraestrutura verde establece os seguintes elementos da infraestrutura verde: “En consonancia coa Estratexia da Unión Europea e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde, así como coas características bioxeográficas e territoriais de Galiza, os elementos da Infraestrutura Verde establécense en 7 categorías. A escala rexional recoñécense: Áreas Núcleo, Corredores Ecolóxicos, Áreas de Amortecemento e Áreas Multifunionais. A escala subrexional e local, poderían engadirse as Áreas Pronucleares”.

O documento da Estratexia aprobado inclúe un apartado denominado “Programa de Accións” no que se recolle o seguinte compromiso:

“A concreción e desenvolvemento do programa de accións establecerase e adecuarase periodicamente durante o período de vixencia da Estratexia a través do **Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia**, no que se

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:38
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 30/10/2025 ás
17:38
Por Luis Bará Torres



incluíra un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e a avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsibles de financiamento.”

No apartado do programa de accións recóllense accións prioritarias e un cronograma e orzamento:

“Cronograma e estimación económica

6.1.- As accións contempladas no Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia, deben incluír unha proxección temporal, así como unha estima de custos e de posibles fontes de financiamento.”

A estas alturas non se coñece nin o citado cronograma nin as consignacións orzamentarias para a implementación e seguimento da Estratexia. E os orzamentos da Xunta para 20026 non inclúen ningunha partida específica para este Plan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta aprobar a curto prazo meses o Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que detalle as actuacións prioritarias así como o cronograma e a estimación económica dos custos de cada unha?

Vai o goberno galego dotar unha partida económica nos orzamentos de 2026 para a posta en marcha do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Ten previsto a Xunta presentar no parlamento un informe anual de avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/10/2025 17:38:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/10/2025 17:38:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:38
Nº Rexistro: 37959
Data envío: 30/10/2025 17:39:38,973

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:39:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:39:38
Nº Rexistro: 37959
Data envío: 30/10/2025 17:39:38,973

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:36
Nº Rexistro: 37967
Data envío: 30/10/2025 17:58:36,555

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5ª**.

Nas últimas semanas saíu á luz un feito especialmente grave na área sanitaria de Ourense: a existencia dun protocolo interno do Sergas que limitaba a derivación desde Atención Primaria a distintas especialidades hospitalarias en función da idade das persoas doentes, e mesmo, nalgún caso concreto, do seu índice de masa corporal.

Segundo a información publicada, o documento —elaborado, entre outros, por Miguel Abad Vila, actual responsable provincial de Atención Primaria en Ourense, ex edil do Partido Popular e ex delegado de Sanidade— establecía ata en cinco apartados restricións explícitas por idade para a derivación a distintas especialidades.

En concreto:

- No punto 5.2.1, relativo a Reumatoloxía, excluíase da derivación por sospeita de espondiloartrite precoz ás persoas maiores de 65 anos.
- No punto 5.3, referido a Neurocirurxía, limitábase a derivación a pacientes menores de 80 anos e cun índice de masa corporal (IMC) de 35, o que na práctica supón a exclusión de persoas maiores con obesidade.

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 30/10/2025 ás 17:19
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

132856

28071 Madrid

@PSdeG



- Nos apartados 6.1.1 e 6.1.2, correspondentes a Traumatoloxía, indicábase que só se podían derivar a hospitalización os menores de 65 anos en casos de sospeita de rotura ou lesión aguda do manguito rotador (ombreiro).

- Ademais, no mesmo servizo de Traumatoloxía, non se recomendaba derivar a pacientes menores de 50 anos con gonalgia postraumática que non respondesen a tratamento sistemático durante tres semanas.

Este protocolo, segundo o propio texto, tiña por obxecto “establecer os criterios clínicos e organizativos necesarios para optimizar a avaliación inicial e o procedemento de derivación”.

Porén, a súa aplicación real suporía unha limitación do dereito á atención hospitalaria en función da idade, vulnerando os principios básicos de equidade, universalidade e non discriminación do sistema público de saúde.

A resposta dos profesionais de Atención Primaria foi inmediata. En alegacións presentadas ante a Xerencia do CHUO, os médicos e médicas de familia denunciaron que o documento pretendía trasladar a eles a responsabilidade das listas de agarda hospitalarias, cando o problema real é a falta de persoal e de recursos.

Nun dos puntos das súas alegacións afirmase textualmente:

“Para a derivación a Traumatoloxía parece razoable pensar que o problema das listas de espera depende dese servizo, non de Atención Primaria e da súa forma de traballar ou derivar. Chama a atención que só se poidan derivar pacientes menores de 65 anos. Quizais a un paciente de 70 anos só lle quede a resignación cristiá.”





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:36
Nº Rexistro: 37967
Data envío: 30/10/2025 17:58:36.555

Os profesionais tamén advertiron das demoras inasumibles nos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia, sinalando que moitas persoas se ven obrigadas a acudir á sanidade privada:

A situación descrita revela un problema estrutural de planificación e recursos no sistema sanitario galego, e non un mal uso das derivacións por parte do persoal médico.

Especialmente grave é que se introduzan criterios de idade ou condición física como barreira de acceso á atención hospitalaria, nun contexto no que Galicia, e particularmente a provincia de Ourense, teñen unha das poboacións máis envellecidas do Estado.

Aínda que o Sergas anunciou posteriormente unha rectificación parcial, o contido do protocolo e as reaccións dos profesionais esixen explicacións claras, transparencia e responsabilidades políticas.

Non é aceptable que se tente xestionar as listas de espera recortando dereitos en lugar de reforzar servizos.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Consellería de Sanidade aceptable introducir criterios de idade como limitación para derivar pacientes desde Atención Primaria a especialidades hospitalarias?
2. Vai o Goberno galego confirmar oficialmente a existencia deste protocolo na área sanitaria de Ourense e explicar baixo que autoridade e con que criterios foi elaborado e difundido?





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:36
Nº Rexistro: 37967
Data envío: 30/10/2025 17:58:36,555

3. Participaron os profesionais de Atención Primaria na súa redacción ou revisión?

4. Que medidas pensa adoptar o Sergas para garantir que ningún protocolo asistencial poida discriminar ás persoas por razón de idade, sexo, peso ou condición física?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132859

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/10/2025 17:19:26

Elena Espinosa Mangana na data 30/10/2025 17:19:38

Silvia Longueira Castro na data 30/10/2025 17:19:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:36
Nº Rexistro: 37967
Data envío: 30/10/2025 17:58:36,555

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 17:58:36
Nº Rexistro: 37967
Data envío: 30/10/2025 17:58:36,555

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 17:58:37

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre garantir o servizo de urxencias no novo PAC do Concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos 15 anos, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións legislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, sendo, as consecuencias, tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de agarda de máis dunha semana para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas.

Entre esas medidas estivo o traslado das urxencias de Moaña a Cangas e a implantación da atención médica telefónica. A veciñanza puido entender que, ante a gravidade dos efectos da pandemia, se puidese centralizar a atención de doentes con síntomas compatibles coa enfermidade provocada polo coronavirus en centros de saúde concretos. Ou mesmo que ante a aparición de síntomas sospeitosos de padecer a

Asinado o día 30/10/2025 ás
18:18
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 30/10/2025 ás
18:17
Por Paulo Ríos Santomé





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

enfermidade se deben realizar consultas telefónicas previas para valorar o protocolo a seguir.

O que non xa non se pode comprender é que nestes momentos nos que as diferentes restricións derivadas da pandemia fosen retiradas polo goberno central, a Casa do Mar de Moaña continúe sen urxencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma, ademais de soportar atrasos moi importantes nas citas da atención primaria.

Case cinco anos despois de terse tomado estas medidas, supostamente provisionais, vemos como a Xunta de Galiza e o SERGAS non fixo nada para buscar alternativas á deslocalización das urxencias ao Concello de Cangas, ao igual que se fai patente o obxectivo da Xunta de Galiza, o de manter como permanentes as medidas aplicadas como provisionais, o que supón o empeoramento continuado e non xustificado na calidade dos servizos sanitarios da veciñanza de Moaña.

A permanencia destas medidas ilóxicas por parte da Xunta de Galiza só perseguen un obxectivo: continuar co desmantelamento da rede pública sanitaria, potenciando o trasvase de doentes cara as redes privadas.

Após moitos anos de traballo e de atrancos postos pola administración autonómica, o novo centro de saúde de Moaña, actualmente en construción, debe contar con servizo de urxencias, tal e como se asinou no convenio de colaboración entre o Concello de Moaña e a Xunta de Galiza.

Agora, a Xunta de Galiza está a negar o servizo de urxencias no novo Centro de Saúde de Moaña supeditándoas á elaboración dun estudo de necesidades para avaliar se a veciñanza de Moaña recupera ou non un servizo que lle foi roubado vai xa máis de cinco anos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Outra das escusas que utiliza a Xunta de Galiza para chantaxear á veciñanza é ligar a volta das urxencias á posta en marcha dun Centro Integral de Saúde no Morrazo, infraestrutura sanitaria para a cal nin sequera hai data nin acordo cos diferentes Concellos.

É pois que a Xunta debe cumprir os acordos asinados coa veciñanza de Moaña e garantir un bo servizo sanitario no novo centro de saúde, con persoal suficiente e cos servizos asinados, entre eles o de urxencias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para a restitución do servizo de urxencias en Moaña?
- Por que, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia da COVID-19, non se devolve a Moaña o servizo de urxencias?
- A Xunta de Galiza é consciente dos problemas derivados da eliminación do servizo de urxencias en Moaña e o seu traslado ao Centro de Saúde de Cangas?
- Vai ter a veciñanza de Moaña o servizo de urxencias integral no seu propio Concello unha vez se poña en funcionamento o novo centro de saúde?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/10/2025 18:17:54

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2025 18:18:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 18:19:03
Nº Rexistro: 37972
Data envío: 30/10/2025 18:19:03.136

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/10/2025 18:19:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2025 18:19:03
Nº Rexistro: 37972
Data envío: 30/10/2025 18:19:03,136

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37636
Data envío: 24/10/2025 15:57:29.799

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:54
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral** na **Comisión de Control da Corporación dos Servizos Audiovisuais de Galicia**.

Non é a primeira vez que profesionais do audiovisual galego apuntan plaxios por parte de directivos da extinta CRTVG, agora CSAG, na hora de presentar proxectos de futuros programas para a televisión galega.

Ben é certo que dado o obscurantismo e a falta de transparencia coa que vense realizando a programación da galega, son moitos os profesionais que desestimaron presentar proxectos tanto á CSAG como ás produtoras que traballan para o ente televisivo.

Estes días vimos de coñecer a situación de Ibon Uzkudon, un produtor vasco que no ano 2009 presentoulle a directora responsable do área naquel entón, Rosa Vilas, un programa xa realizado na televisión vasca baixo o título de *Jai Giro*. O programa que viña funcionando no País Vasco era un modelo moi concreto con características moi particulares e con unha factura e dinámica que falaba da súa singularidade e mesmo era presentado polo propio Ibon.

A responsable da televisión mostroulle o seu interese en realizar na galega o mesmo programa que Ibon lle presentou, do cal el era presentador e produtor. Acordou que chamarían ao produtor en breve para pechar a colaboración. A partir de aí comeza unha historia na que, pasados uns meses, a familia galega de Ibon chámalo pensando que é el mesmo o que está a presentar o programa *Vaia Troula* que é un calco exacto de *Jai Giro*. Mesmo o presentador que

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:54
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 24/10/2025 ás 15:54
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

132867

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37636
Data envío: 24/10/2025 15:57:29.799

poñen ao fronte está caracterizado igual que Ibón, e coa mesma impronta en pantalla.

Uzkudon presentou unha demanda por “apropiación dos dereitos de propiedade intelectual” contra a televisión pública galega que a día de hoxe está pendente de resolución pola Audiencia Provincial de A Coruña.

Ante o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o procedemento e que protocolo de protección á propiedade intelectual emprega a CSAG cando algún produtor, xestor, etc. presenta algún proxecto?

Santiago de Compostela, a 24 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

132868

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-UDZl6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 24/10/2025 15:54:08

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/10/2025 15:54:13

Patricia Iglesias Rey na data 24/10/2025 15:54:20

Paloma Castro Rey na data 24/10/2025 15:54:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37636
Data envío: 24/10/2025 15:57:29.799

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/10/2025 15:57:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 37636
Data envío: 24/10/2025 15:57:29.799

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:37:50
Nº Rexistro: 37646
Data envío: 27/10/2025 10:37:50.059

Asinado o día 27/10/2025 ás 10:36
Por Alexandra Fernár

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CSAG**, a necesidade de a CSAG garantir os dereitos de propiedade intelectual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No grupo parlamentar do BNG tivemos coñecemento da presentación dunha nova demanda xudicial contra a CSAG que, malia se iniciar en 2021, actualmente segue o seu curso.

Nesta ocasión, e tal e como ten trasladado publicamente algún medio de comunicación, a causa aberta é por apropiación dos dereitos de propiedade intelectual, un tema de grande gravidade para un medio público que ten que ser motor do sector privado, acompañalo e promovelos e non aproveitarse da súa situación de privilexio.

Neste caso, até nós chegou a denuncia do produtor Ibon Uzkudun, cunha longa e recoñecida traxectoria profesional en distintas canles televisivas, por apropiación dun proxecto persoal que el mesmo presentou á persoa responsábel como directora da televisión pública galega naquela altura. Unha proposta que, malia manifestar interese nela, non acabou de ter resposta definitiva até que o denunciante viu na pantalla a mesma idea plasmada nun programa alleo con evidentes semellanzas ao proxecto que el presentara.

Mais, infelizmente, esta denuncia se suma a outras que chegaron a nós incidindo na mesma dinámica, a presentación de proxectos a persoas responsábeis da programación da TVG tanto documentais como de programas de entretemento sen ter resposta para,

Asinado o día 27/10/2025 ás 10:36
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 27/10/2025 ás 10:36
Por Mercedes Queixas Zas



tempo despois, atopalos en emisión televisiva da canle pública. Como saberá, un destes casos saíu á luz pública nos últimos tempos mais outros trasladan o caso mais pídenos que non deamos datos nin mencionemos os seus nomes nin o das produtoras por medo ao a que un enfrontamento coa dirección de programación provoque o veto a novos proxectos. Como ven, teñen a tixola polo mango e iso explica a ausencias de máis denuncias neste sentido.

Semella incomprensíbel que unha entidade pública como é a CSAG poida incorrer na vulneración da propiedade intelectual dos creadores e creadoras audiovisuais. De isto ser así, estaría comprometendo o propio crédito da corporación e faltando á confianza dos propios creadores e creadoras que poderían retraerse de presentar as súas propostas por medo a que este tipo de situacións se poidan producir, coa consecuencia de perda de talento e oportunidades para os medios públicos galegos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CSAG :

- Está a CSAG en condicións de afirmar que garante os dereitos de propiedade intelectual?

-Conta a CSAG con algún rexistro oficial de proxectos recibidos por particulares para, no caso, demostrar a existencia ou non de uso indebido de ideas?

-Dados os casos previos coñecidos, ten a DX da CSAG pensado poñer operativa algunha ferramenta para que este proceso sexa transparente e coas debidas garantías?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2025 10:36:34

Olalla Rodil Fernández na data 27/10/2025 10:36:44

Alexandra Fernández Gómez na data 27/10/2025 10:36:57

Daniel Castro García na data 27/10/2025 10:37:10

Iago Suárez Fernández na data 27/10/2025 10:37:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:37:50
Nº Rexistro: 37646
Data envío: 27/10/2025 10:37:50.059

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/10/2025 10:37:50
Nº Rexistro: 37646
Data envío: 27/10/2025 10:37:50.059

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/10/2025 10:37:50

CSV: BOPGDSPG-UDzI6GoSZ-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

